

ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA A ACLARACIÓN E INCLUSIÓN DE NOVOS CONCEPTOS DO BAREMO APROBADO POR ACORDO DO 28 DE DECEMBRO DE 2021

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha banda, **D. Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra banda, **D. Francisco Rabuñal Mosquera**, presidente do Consello da Avogacía Galega, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 10, en relación co artigo 2º.2.1 dos estatutos do Consello da Avogacía Galega, aprobados polo Decreto 130/1993, do 3 de xuño.

EXPOÑEN

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que *a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar*. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

Polo que atinxe a esta materia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe plenas competencias, xa que a través do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, fóronlle transferidos pola Administración do Estado os medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, entre os que se atopa o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.



O 28.12.2021, a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega asinaron un Acordo coa finalidade de establecer o procedemento de actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas, para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2025.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega iniciaron un proceso de consulta con base no artigo 39 do Regulamento de asistencia xurídica gratuítas da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece o procedemento de actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas.

Froito das ditas negociacións é o acordo reflectido no presente documento, que entrará en vigor no último trimestre de 2024 e terá unha vixencia ata o 30 de setembro de 2025.

Dado que a tramitación dos pagamentos aos colexios para indemnizar pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas levados a cabo por avogados se realiza a trimestre vencido tras a xustificación daqueles, a anualidade económica para os efectos deste acordo é a comprendida polo último trimestre dun ano e os tres primeiros trimestres do ano seguinte, de modo que o horizonte temporal do presente documento comprende un ano.

En consecuencia, adóptanse os seguintes

ACORDOS

Primeiro. Procede aclarar algúns dos conceptos existentes no baremo actual e a introdución de conceptos novos, para os expedientes de xustiza gratuítas iniciados a partir do 1 de outubro de 2024 e que serán recollidos na Orde que estableza a compensación económica aos colexios de avogados polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuítas durante o cuarto trimestre de 2024 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de 2025:

- a) O código 3010, incluírá o proceso de división xudicial de patrimonios e a liquidación da sociedade de gananciais.
- b) O código 3011 será: Execucións de títulos xudiciais.
- c) O código 2015 incluírá tamén unha apelación na fase da executoria penal.
- d) O novo código 2021: Dilixencia de entrada e rexistro no ámbito penal (95 €).
- e) O novo código 2022: En procedementos penais, comparecencia a vista de agravación ou mantemento da orde de protección (65 €).
- f) O novo código 3016: Impugnación do inventario e caderno particional (256 €).



Segundo. A Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, logo dos trámites que correspondan, realizará as actuacións precisas para establecer, con vixencia desde o 1 de outubro de 2024 e ata o 30 de setembro de 2025, os módulos e bases da indemnización polos servizos contidos no número primeiro deste instrumento.

Terceiro. Unha vez que remate o período de vixencia do presente Acordo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes abrirá un novo proceso de consultas coa avogacía, a través das súas institucións colexiais, para a revisión e actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas.

De conformidade con canto antecede, subscriben o presente documento no lugar e coa data indicados.

O conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

O presidente do Consello da Avogacía
Galega,

Diego Calvo Pouso

Francisco Rabuñal Mosquera

